



CONCELLO DE CHANTADA

Expediente núm.: 676/2018

Procedemento: Delegación de competencias.

DON MANUEL LORENZO VARELA RODRÍGUEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE CHANTADA,

Visto que existe a posibilidade de delegación de competencias de determinadas materias do Pleno no Alcalde e na Xunta de Goberno Local, conforme ao artigo 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Visto o Informe de Secretaría de data 25/06/2018 e de conformidade co disposto no artigo 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

PROPOÑO Ó PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO

PRIMEIRO. Delegar o exercicio da competencia de “ aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estén previstos nos orzamentos”, do Pleno na Xunta de Goberno Local, axustándose ao previsto no artigo 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

SEGUNDO. Publicar o acordo de delegación no *Boletín Oficial da Provincia*, cursando efecto a partir do día seguinte ao da súa adopción.

TERCEIRO. *Dar conta á Xunta de Goberno Local deste acordo na próxima sesión que se celebre.»*

Chantada, data da sinatura dixital
O Alcalde,
Asdo.dixitalmente: Manuel Lorenzo Varela Rodríguez